

## Acta da Comisión Permanente do día 2 de outubro de 2024

### Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 02/10/2024
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 02/10/2024
- III. Preselección de profesorado, por áreas, para o nomeamento dos tribunais de TFG nas diferentes convocatorias do curso 2024/2025
- IV. Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados nesta vindeira convocatoria.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 12:30 horas na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. **Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 17 de xullo de 2024 e extraordinaria celebrada o 25 de setembro de 2024.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, as actas das devanditas sesións.

2. **Aprobación da preselección de profesorado, por áreas, para o nomeamento dos tribunais de TFG nas diferentes convocatorias do curso académico 2024/2025.**

A Presidenta sinala que, en virtude do Artigo 18 (Título 5) do novo Regulamento do Traballo de Fin de Grao do centro, aprobado na Xunta de Escola do 19/06/2024, ao inicio de cada curso debe elixirse, por sorteo e seguindo o procedemento fixado, unha preselección de profesorado, por áreas, para o nomeamento dos tribunais de TFG nas diferentes convocatorias do curso. Cede a palabra a Francisco Deive, Coordinador do GEE, quen sinala que traballou en colaboración con Iria Feijoo, Coordinadora do GERME. Indica que fixeron o sorteo por áreas de coñecemento intentando que o profesorado non repita, aínda que nalgúnhas áreas non se pode garantir. Finalmente amosa e comenta a listaxe achegada con antelación (ANEXO III), aclara a selección das áreas e propón a súa aprobación. Indica que xa se notificou por *email* ao profesorado seleccionado e non consta ningún problema.

A Comisión aproba a proposta por asentimento.

A Presidenta agradece a Francisco Deive e Iria Feijoo o traballo realizado.

3. **Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.**

A Presidenta cede a palabra a Francisco Deive, Coordinador do GEE, quen sinala que se achegaron 2 solicitudes correspondentes ao GERME e 1 ao GEE, que cumpren os requisitos; amosa e comenta a proposta de tribunais e a súa adaptación ás temáticas dos traballos (Anexo IV) e aclara que conta coa conformidade dos membros.

Sinala que todas as solicitudes cumpren os requisitos. Engade que, co novo procedemento, as defensas estarán suxeitas a que a persoa titora envíe o informe de valoración positivo e do *software* antiplaxio correspondente.

A Comisión aproba por asentimento a proposta de tribunais.

Agradece o seu traballo a Francisco Deive e Iria Feijóo e aos membros dos tribunais a súa colaboración.

**4. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.**

Non hai.

**5. Aprobación, se procede, de varias saídas que se incluírán no calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o primeiro cuadrimestre do curso académico 2024/2025.**

A Presidenta lembra que se habilitou o procedemento habitual e se achegaron 8 solicitudes de saídas de campo. Sinala que aínda non rematou o prazo polo que poderían engadirse máis saídas ao calendario definitivo.

N.	Materia	Titulación	Destino	Nº previsto de alumnos	Data prevista da viaxe
1.	Xestión integral de industrias mineiras / Rochas industriais e ornamentais	Máster Enxeñaría de Minas + Grao ERME	Mina Serrabal (Vedra)	7	16/10/2024
2.	Todas as materias de primeiro curso	Grao ERME + Grao EE	Ourense (Ourense)	74	31/10/2024
3.	Voaduras	Grao ERME + Máster Enxeñaría de Minas	Canteira de Saiar Caldas de Reis (Pontevedra)	15	.../10/2024
4.	Rochas industriais e ornamentais	Grao ERME	O Porriño e Vigo	2	.../10/2024
5.	Xeofísica, xeoquímica e xeotermia + enxeñaría para a xestión, valoración e tratamento de residuos mineiros	Grao ERME	Mina de Touro (A Coruña)	7	14/11/2024
6.	Procesos de recuperación de menas	Grao ERME	Áridos do Mendo SL Salvaterra de Miño (Pontevedra)	2	15/11/2024
7.	Procesos de recuperación de menas+ Concentración de menas	Grao ERME + Máster Enxeñaría de Minas	Vimianzo (A Coruña)	9	22/11/2024
8.	Rochas industriais e ornamentais	Grao ERME	O Barco de Valdeorras (Ourense)	4	.../11/2024

Apróbase por asentimento o calendario provisional de Prácticas de Campo e Saídas de Estudos para o primeiro cuadrimestre do curso académico 2024/2025.



## 6. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 45 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a dous de outubro de dous mil vinte e catro.

Vº e Prace  
A Presidenta

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba



## **ANEXO I**

Convocatoria da Comisión Permanente do 02/10/2024

## Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o mércores, 2 de outubro de 2024, ás 12:00 h en primeira convocatoria e as 12:30 h en segunda.

A reunión terá lugar na [Sala de Xuntas 1](#) da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (\*), e se tratarán os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 17 de xullo de 2024 e extraordinaria celebrada o 25 de setembro de 2024.
2. Aprobación da preselección de profesorado, por áreas, para o nomeamento dos tribunais de TFG nas diferentes convocatorias do curso académico 2024/2025.
3. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.
4. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.
5. Aprobación, se procede, de varias saídas que se incluírán no calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o primeiro cuadrimestre do curso académico 2024/2025.
6. Rogos e preguntas.

Vigo, 26 de setembro de 2024  
O Secretario

Guillermo García Lomba

(\*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa **contrasinal 1DLD6QsL (eLe-De-ElE-De-6-Qu-ese-ElE)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario ([eme.secretaria@uvigo.es](mailto:eme.secretaria@uvigo.es)) que lle indicará o método de acreditación complementario.

**A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA**

CSV : GEN-b7a7-d8f9-c6ff-cd30-3ef4-9dbf-c1ed-f606

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 26/09/2024 12:21 | NOTAS : F





## ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 02/10/2024

<b>Asistentes á Comisión Permanente do 2 de outubro de 2024</b>
<b>Presidenta da Comisión</b>
Elena Alonso Prieto
<b>Secretario da Comisión</b>
Guillermo García Lomba
<b>Subdirector/a</b>
Francisco Javier Deive Herva
<b>Profesorado</b>
Pablo Eguía Oller
Fernando García Bastante
Eduardo Giráldez Pérez
<b>Estudantes</b>
Mateo Salgado Díaz
<b>PAS</b>
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez

Desculpa a súa ausencia Belén Parente Artime.



### **ANEXO III**

Preselección de profesorado, por áreas, para o nomeamento dos tribunais de TFG nas diferentes convocatorias do curso 2024/2025





## **ANEXO IV**

Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados  
nesta vindeira convocatoria